

- 1 Completa as palabras do anuncio coas sílabas do cadro.

di	fi
la	mi
sem	da
de	xi
so	pa
glu	pra
ta	xir

### Fideos Gago

Fideos con pas..... de .....illo, os .....deos Gago

son i.....ais para as per.....as alér.....cas

ao .....te. Poderás usarlos tanto na so..... como

en ensa.....das, só tes que eli..... a me.....da axeita.....



Fideos Gago, .....pre no teu .....to.


- 2 Localiza na sopa de letras sete palabras do anuncio e escríbeas ao lado.

Z	M	A	E	N	S	A	L	A	D	A
P	I	F	V	B	P	Q	Z	F	X	O
Ñ	L	V	G	H	R	L	U	I	V	Z
S	L	E	P	S	A	T	A	D	I	U
O	O	G	L	U	T	E	L	E	N	B
P	Q	M	N	Z	O	X	F	O	A	T
A	L	E	R	X	I	C	A	S	P	E

.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....

- 3 Relaciona cada palabra do anuncio con cadansúa silueta.

pasta
glute
alérgicas
ensalada
adecuada



- 1** Le este texto e memoriza as palabras destacadas.

O outro día fun cos meus pais facer a compra a un supermercado. Ao acompañalos, deixáronme elixir as miñas salchichas favoritas. Como me encantan os bocadillos de salchicha, fun tamén coller unha bolsa de bolos de pan. Volví con eles na man e vin que o meu pai ollaba para min con cara divertida, xunto á caixa.

—Decatáchede de que hai sete salchichas no paquete e só seis bolos de pan na bolsa? —preguntoume.

“É verdade”, pensei. “Terei que comer unha salchicha sen pan... a no ser que merque máis pan”. Busquei o cartel dos pans e collín outra bolsa.

—Agora tes sete salchichas e doce bolos. Sóbranche cinco, meu rei —díxome a miña nai, sorrindo e murmurando algo entre dentes.

Volvín de novo á zona de comestibles e collín outro paquete de salchichas, pero entón faltábanme dous bolos de pan. Merquei outra bolsa de pan, pero así sobrábanme catro. Con tres paquetes de salchichas sobrábanme tres. Seguín sumando e sumando ata que por fin, feliz, conseguín igualar os números. Presenteime na caixa con 42 salchichas e 42 bolos de pan. Os meus pais rían. A dependenta pasounos polo ordenador e mirounos, alegre.

—Parabéns! —dixo—. Pola compra de seis paquetes de salchichas tocoulles un máis por só un céntimo.

- 2** Tapa o texto e escribe as palabras que memorizaches.
- .....
- .....

- 3** Volve ler o fragmento e tápao. Subliña as novas palabras do texto que aparecen nestas listas.

once	carne	mamá
tarde	verán	oferta
moita	rúa	pais
tenda	supermercado	novidade
toalla	coche	desculpa
parabéns	salchichas	bolsa
produtos	exclusiva	exemplo
bolos	paquete	oportunidade
verdade	imposible	cinco

- 1 Le este texto no menor tempo posible.

O outro día fun cos meus pais facer a compra a un supermercado. Ao acompañalos, deixáronme elixir as miñas salchichas favoritas. Como me encantan os bocadillos de salchicha, fun tamén coller unha bolsa de bolos de pan. Volvíñ con eles na man e vin que o meu pai ollaba para min con cara divertida, xunto á caixa.

—Decatáchede de que hai sete salchichas no paquete e só seis bolos de pan na bolsa? —preguntoume.

“É verdade”, pensei. “Terei que comer unha salchicha sen pan... a no ser que merque máis pan”. Busquei o cartel dos pans e collín outra bolsa.

—Agora tes sete salchichas e doce bolos. Sóbranche cinco, meu rei —díxome a miña nai, sorrindo e murmurando algo entre dentes.

Volvín de novo á zona de comestibles e collín outro paquete de salchichas, pero entón faltábanme dous bolos de pan. Merquei outra bolsa de pan, pero así sobrábanme catro. Con tres paquetes de salchichas sobrábanme tres. Seguín sumando e sumando ata que por fin, feliz, conseguín igualar os números. Presenteime na caixa con 42 salchichas e 42 bolos de pan. Os meus pais rían. A dependenta pasounos polo ordenador e mirounos, alegre.

—Parabéns! —dixo—. Pola compra de seis paquetes de salchichas tocoulles un máis por só un céntimo.

- 2 Le estas palabras e di as veces que se repiten. Indica en que liña se atopa cada unha.

	Veces	Liña
caixa	baixa reixa caixa faixa baixo taxa caixa queixa fixa madeixa caixa rexia caixeira freixa	.....
céntimo	céntimo cen décimo céntimo centésimo cima centro mínimo máximo céntimo séptimo céntimo	.....
rei	lei res ri ren rin rei lei creei rei cen rei cen ría rei río raia rir ras ril reto rei	.....
dentes	dentadura denteira dental dentar mentres recta rentes desfeita dentes dentada dentes	.....
tres	res tes tres estrés tres mes ates tres pés trece tres tres queres tres	.....